


**4 ANOS**  
**OITAVA SEMANA! IMOS ALA!**

**DADO QUE COMEZAMOS UN NOVO MES, ADXUNTO O CALENDARIO CORRESPONDENTE!**

**XUÑO / JUNIO / JUNE 2020**

<b>LUNS</b> <b>LUNES</b> <b>MONDAY</b>	<b>MARTES</b> <b>MARTES</b> <b>TUESDAY</b>	<b>MERCORES</b> <b>MIERCOLES</b> <b>WEDNESDAY</b>	<b>XOVES</b> <b>JUEVES</b> <b>THURSDAY</b>	<b>VENRES</b> <b>VIERNES</b> <b>FRIDAY</b>	<b>SABADO</b> <b>SABADO</b> <b>SATURDAY</b>	<b>DOMINGO</b> <b>DOMINGO</b> <b>SUNDAY</b>
<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>7</b>
<b>8</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>13</b>	<b>14</b>
<b>15</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>18</b>	<b>19</b> <b>ULTIMO DIA</b> <b>DE COLE</b>	<b>20</b> 	<b>21</b>
<b>22</b>	<b>23</b>	<b>24</b>	<b>25</b>	<b>26</b>	<b>27</b>	<b>28</b>
<b>29</b>	<b>30</b>					

## LUNS, 1 DE XUÑO

### 1º RUTINAS

### 2º *UN AGASALLO DIFERENTE*

HOXE TRABALLAMOS CO CONTO NOMEADO *UN AGASALLO DIFERENTE* DA EDITORIAL KALANDRAKA, ESCRITO POR MARTA AZCONA E ILUSTRADO POR ROSA OSUNA ASI QUE... “OS OLLOS BEN ABERTOS, AS ORELLAS BEN ABERTAS E A BOCA BEN PECHADIÑA”.

### FACILITOVOS O ENLACE:

[http://kalandraka.tv/gl/seccion2.php?id=33&pagina=3&video=Bea%20Campos%20-%20Un%20agasallo%20diferente#PD\\_Bea%20Campos%20-%20Un%20agasallo%20diferente](http://kalandraka.tv/gl/seccion2.php?id=33&pagina=3&video=Bea%20Campos%20-%20Un%20agasallo%20diferente#PD_Bea%20Campos%20-%20Un%20agasallo%20diferente)

### E, AGORA UNHAS PREGUNTAS:

- QUE AGASALLO LLE DEU TRISTAN A MARCEL?
- AO PRINCIPIO, GUSTOULLE O AGASALLO A MARCEL? COMO SE SENTIA TRISTAN?
- AO FINAL, GUSTOULLE O AGASALLO A MARCEL? COMO SE SENTIA TRISTAN?
- POR QUE CAMBIOU DE IDEA MARCEL?
- QUE UTILIDADES LLE ATOPARON AO AGASALLO?

DESPOIS, INVITOVOS A CORTAR O VOSO ANACO DE TEA E, A PROCURARLLE OUTRAS 2 UTILIDADES. CALES SE VOS OCORRERON? PRACTICA A ESCRIBILAS.

## MARTES, 2 DE XUÑO

### 1º RUTINAS

### 2º DUN LADO PARA OUTRO

ANIMOVOS A CLASIFICAR OS SEGUINTES MEDIOS DE TRANSPORTE DOS QUE XA FALAMOS NA AULA COMO **MARITIMOS**, **TERRESTRES** OU **AEREOS**, ATENDENDO AO MEDIO POLO QUE SE DESPRAZAN (**OCEANO/MAR/RIO/LAGO**, **TERRA: ESTRADAS, VIAS, CAMIÑOS** E **AIRE: CEO**).

**BICICLETA**

**CAMION**

**LANCHA**

**GLOBO AEROSTATICO**

**HELICOPTERO**



**SUBMARINO**

**AUTOBUS**

**BARCO DE VELA**

**AVION**

**TREN**

- EN CANTOS VIAXACHES? CONTAOS E, PRACTICA A GRAFIA DE DITO NUMERO.
- E, EN CAL NON VIAXACHES PERO SI CHE GUSTARIA? DEBUXAO FIXANDOTE NAS SUAS PARTES E, ESCRIBE O SEU NOME.

## MERCORES, 3 DE XUÑO


### 1º RUTINAS

### 2º UN AGASALLO PARA TI

HOXE CONVIDOVOS A AGASALLAR A ALGUEN. QUE VOS PARECE?

PRIMEIRO, TEMOS QUE PENSAR A QUEN LLO IMOS DAR PERO SHHH, E UNHA SORPRESA!

DESPOIS, TEMOS QUE CONSTRUIR O AGASALLO. PARA ISO, PROPOÑOVOS A CONTINUACION UNHA SERIE DE MATERIAIS DOS QUE PARTIR (**DE CADA BLOQUE TEDES QUE ELIXIR UN –SEMPRE QUE SEXA POSIBLE– E, EMPREGAR OS 3**). DESEÑADEO COMO SE VOS OCORRA (CORTANDO, PEGANDO, PINTANDO, UTILIZANDO UN ANACO / ENTEIRO, MODIFICANDO A FORMA...). A IDEA E DAR PASO A CREATIVIDADE DE CADA UN/UNHA.



**ANIMO! SEGURO QUE QUEDAN MOI FERMOSES!!!**

**UNHA VEZ FEITO (E ENVOLTO, SE QUEREDES) SO QUEDA ENTREGARLLO A PERSOA QUE ELIXISTES.**

- **COMO SE SENTIU A PERSOA A QUE LLO DECHES? GUSTOULLE?**
- **E TI COMO TE SENTICHES? GUSTOUCHE?**

**XOVES, 4 DE XUÑO**

**1º RUTINAS**

## 2º ATOPA O INTRUSO

A CONTINUACION, PROPOÑOVOS UN XOGO DE LETRAS CO NOME DE DIFERENTES DEPORTES QUE XA COÑECEDES PERO, **OLLO**: HAI UN QUE NON O E, SABES CAL?



NATACION

FUTBOL

BALONCESTO

ATLETISMO

TENIS

PAPAVENTOS

RUGBY

XIMNASIA RITMICA

PATINAXE ARTISTICA

- **CAL E A PALABRA INTRUSA? SI, A PALABRA INTRUSA E PAPAVENTOS!!! SABEDES QUE E? UN XOGUETE DE TEA OU PAPEL QUE VOA GRAZAS AO VENTO E QUE DIRIXIMOS CUNHAS CORDAS (RAG).**

**ANIMOVOS A PROCURAR UNHA IMAXE PARA DESCUBRIR DE QUE SE TRATA. IGUAL XA O COÑECIADES PERO, POLO SEU NOME EN CASTELAN: COMETA!**

**VENRES, 5 DE XUÑO**

**1º RUTINAS**

**2º DIA DO MEDIO AMBIENTE**

**PARA CELEBRAR O DIA DO MEDIO AMBIENTE, PROPOÑEMOSVOS UNHA ACTIVIDADE CONXUNTA A TODOLOS NENOS/AS DE EDUCACION INFANTIL. SE QUEREDES SABER EN QUE CONSISTE, SO TEDES QUE PREMER NO **DOCUMENTO** QUE O EXPLICA. ANIMO!**

**A CONTINUACION, UNHAS CANCIONES QUE RECOMENDA O **PROFE DE INGLES**.**

**HELLO SONG ABCS 123S FOR KIDS – DREAM ENGLISH KIDS**

[https://www.youtube.com/watch?v=GFSA0\\_r0fII](https://www.youtube.com/watch?v=GFSA0_r0fII)

**MIX FIVE LITTLE MONKEYS JUMPING ON THE BED – CHILDREN NURSERY RHYME - SONGS**

<https://www.youtube.com/watch?v=b0NHrFNZWh0&list=PLoomnGbayDdGvAYVjrx3iGTVg2ffmTZ51>

**ADJECTIVES WORDS FOR KIDS – ADJECTIVES TO DESCRIPTIVE VOCABULARY – ELF KIDS**

<https://www.youtube.com/watch?v=sEDy0wGaXJY>

**FINALMENTE, ADXUNTO O **ENLACE** DA BIBLIOTECA PARA QUE SIGADES INVESTIGANDO:**

<http://lectorinvaladouro.blogspot.com>

**AGARDO AS VOSAS MENSAXES!**